

EMENDAS AO REGULAMENTO DITAMINADAS NA CN 25-05-13

DECAIDAS POR RETROACTIVIDADE

EMENDA 1 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 3:

LIÑAS 50-53

ELIMINACIÓN

4. Para facilitar a disposición dos medios materiais e humanos necesarios, as persoas afiliadas que vaian participar na asemblea deberán de comunicalo a < anova@anova-galiza.org > ou por medio da asemblea local á que pertenzan, antes do día 2 de xuño.

EMENDA 2 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 3:

LIÑAS 50-53

ELIMINACIÓN

4. Para facilitar a disposición dos medios materiais e humanos necesarios, as persoas afiliadas que vaian participar na asemblea deberán de comunicalo a < anova@anova-galiza.org > ou por medio da asemblea local á que pertenzan, antes do día 2 de xuño.

EMENDA 3 ACEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 3,

LIÑAS 50-53.

SUBSTITUCIÓN Por

4. Para facilitar a disposición dos medios materiais e humanos necesarios, solicítase ás asembleas de base que comuniquen o número de persoas asistentes máis aproximado posíbel. No caso de aquelas persoas que non podan comunicalo na súa asemblea tamén poderán comunicarse de xeito individual no enderezo de correo electrónico: anova@anovagaliza.org, antes do día 2 de xuño.

EMENDA 5 ACEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 4

LIÑA 59

SUBSTITUCIÓN “que rematará o día 24 ás 24 horas” por “que rematará o día 31 ás 24 horas”

EMENDA 11 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5.4

LIÑAS 78-79

SUPRESIÓN do punto 4

EMENDA 12 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5.5

LIÑAS 80-81

SUBSTITUIR por:

5. Organizar a loxística mediante grupos de traballo achegados de xeito voluntario a través das asembleas de base para a acreditación de asembleístas e persoas convidadas, a recolleita das candidaturas para a CN e a Comisión de Garantías, así como todo o preciso para as votacións e reconto.

EMENDA 13 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5

LIÑA 82

ENGADIR un novo punto 6 ao Artigo 5 :

- Recoller as propostas que emanen das asembleas territoriais para a escolla da Mesa.

EMENDA 17 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 8

LIÑA 132

ENGÁDEGA: "Para isto estarán formarán parte da mesa as persoas que compoñen a actual comisión de garantías"

EMENDA 18 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 8

LIÑA 132

ENGÁDEGA: "Para isto estarán formarán parte da mesa as persoas que compoñen a actual comisión de garantías"

EMENDA 4 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 4

LINHA 57-61

SUBSTITUCIÓN

O día 14 de maio remitirase aos responsábeis de organización das asembleas territoriais, o censo provisorio abríndose un prazo para subsanación de erros e regularización de cotas que **se extenderá até os mesmos días da celebración da Asemblea**. Quedarán excluídas de participar con voto na AN as persoas que non subsanen os erros ou non acrediten a regularización das cotas dentro do prazo fixado.

EMENDA 43 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 15

LIÑA 192

ENGÁDEGA no aptdo. VII engadir un novo artigo entre o 15 e o 16:

16*. Do 26 de maio ao 2 de xuño ábrese un novo prazo para que cada militante de pleno dereito poda achegar as emendas que estimar oportunas ao conxunto de documentos propostos pola CN, é dicir ás Teses, ao Regulamento e á Carta Financeira.

EMENDA 35 ACEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 11

LIÑA 157

SUBSTITUCIÓN " día 11"

por " día 25"

EMENDA 40 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 14

Liñas 181-182

Substituír:

"A Coordinadora Nacional designará os poñentes defensores das teses finais para os grupos de traballo e para o pleno da Asemblea."

Por:

A Coordinadora Nacional designará ás persoas que presentarán as teses oficiais para os grupos de traballo e para o pleno da Asemblea.

EMENDA 37 TRANSACION DELEGOUSE NA PERMANENTE RETROACTIVA

ARTIGO 12

LIÑAS 162-170)

substitución polo seguinte :

"O prazo de presentación de candidatos/as remata o 9 de xuño ás 12 horas. Todas as persoas candidatas asinarán a súa solicitude, de xeito individual ou colectivo. En calquera caso, na lista aberta figurarán por orde alfabética, figurando nela unicamente o seu nome e apelidos."

substitución polo seguinte :

“O prazo de presentación de candidatos/as remata o 5 de xuño ás 17 horas. Todas as persoas candidatas asinarán a súa solicitude, de xeito individual ou colectivo. No caso de lista aberta figurarán por orde alfabética, figurando nela unicamente o seu nome e apelidos.”.

EMENDA 7 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5

LIÑA 67

SUBSTITUCIÓN: “A Coordinadora Nacional, órgano de coordinación política de ANOVA entre Asembleas”

EMENDA 8 ACEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5

LIÑAS 70 E 71

SUBSTITUCIÓN: “A Coordinadora Nacional actuará directamente. No caso de que actúe a Comisión Permanente ou persoas comisionadas de áreas será necesaria unha delegación expresa da Coordinadora Nacional”

EMENDA 9 REXEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5

LIÑA 67

SUBSTITUCIÓN

“A Coordinadora Nacional, órgano de coordinación política de ANOVA entre Asembleas”

EMENDA 10 ACEITADA RETROACTIVA

ARTIGO 5

LIÑAS 70 E 71

SUBSTITUCIÓN:

“A Coordinadora Nacional actuará directamente. No caso de que actúe a Comisión Permanente ou persoas comisionadas de áreas será necesaria unha delegación expresa da Coordinadora Nacional”

EMENDAS VIVAS PARA ASEMBLEA

EMENDA 6 REXEITADA

ARTIGO 4

LIÑAS 59-61.

SUBSTITUIR:

“Quedarán excluídas de participar con voto na AN as persoas que non subsanen os erros ou non acrediten a regularización das cotas dentro do prazo fixado”

Por:

En última instancia, e de xeito excepcional, poderase corrixir no momento da acreditación ao inicio da AN con criterios que estableza a Mesa da Asemblea.

EMENDA 14 REXEITADA. ACEITASE CAMBIO HORA PARA AS 10:00

ARTIGO 6.

LIÑAS 89-94.

SUBSTITUCIÓN do aptdo. “O sábado 8” por:

O sábado 8

A Asemblea desenvolverase segundo a seguinte orde do día e horario

- 10:30 Comezase a sesión coa elección da Mesa, que terá como primeira encomenda someter a debate e aprobación o regulamento, establecendo o plenario da Asemblea Nacional neste punto o modo de elección da Coordinadora Nacional e da Comisión Ética e de Garantías.
- 11.00 debate en asemblea do Informe de Xestión da Coordinadora Nacional e a Carta Financeira
- 12:00-14:00 e de 16:00 a 18:00 debate das emendas vivas en grupos de traballo.

EMENDA 15 REXEITADA

ARTIGO 6

LIÑAS 93-94

SUBSTITUCIÓN das liñas sinaladas polo seguinte texto:

- “De 12:00 a 14:00h: debate das enmendas vivas da Tese de Organización en grupos de traballo aleatorios.
- De 16:00 a 18:00h. Debate en pleno das enmendas que tivesen pasado nalgún grupo de traballo e da Tese de Organización”.

EMENDA 16 REXEITADA

ARTIGO 6

LIÑAS: 98-99

SUBSTITUCIÓN das liñas sinaladas polo seguinte texto:

De 10:30 a 12:00h: debate das enmendas vivas á Tese Política en grupos de traballo aleatorios.

De 12:00 a 13:30h: debate en pleno das enmendas que tivesen pasado nalgún grupo de traballo e da Tese Política.”

EMENDA 19 TRANSACION

ARTIGO 8

LIÑA 133

Engadir un punto novo entre os puntos 5 e 6:

Recibir as candidaturas presentadas para a CN e para a Comisión de Garantías a través do grupo de traballo encargado para este labor e elaborar as papeletas para as eleccións.

ENGADIR SÓ

....e validar as papeletas para as eleccións”.

EMENDA 20 TRANSACION

ARTIGO 8

LIÑA 133

SUBSTITUIR: “Redactar a acta da sesión”

Por:

Redactar a acta da sesión. A acta da sesión deberá incluír as listaxes das persoas asistentes a ambas sesións. Na acta deberán figurar as intervencións, o resultado das votacións e os acordos acadados. Unha vez rematada a IAN, a acta será asinada por todas as persoas que compoñan a Mesa.

Por

Redactar a acta da sesión. A acta da sesión deberá incluír o resultado das votacións e os acordos acadados. Unha vez rematada a redacción, a acta será asinada por todas as persoas que compoñan a Mesa.

EMENDA 36 ACEITADA

LIÑA 169

SUBSTITUCIÓN.

Sustituír “13 horas” por “17 horas”

SOBRE LISTAS

Todas as emendas que fan referencia ao método de elección da Coordinadora Nacional están comprendidas na **EMENDA 20 TRIS**

EMENDA 25 REXEITADA DISXUNTIVA OBVIA PARA ASEMBLEA

DE SUBSTITUCIÓN.

Liñas 145 a 150, Artigo 10-2.

Texto de Substitución ao Artigo 10-2.:

"2. A Coordinadora Nacional será elixida, tendo en conta o principio organizativo 4 e artigo 11 dos Estatutos de Anova – Irmandade Nacionalista, que dispoñen que ... **a elección, que se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.**

A Asemblea Nacional na sesión do día 8 de xuño decidirá en votación previa á da aprobación do regulamento, entre as dúas opcións estatutarias que se propoñen:

- a) Elección mediante listas abertas nas que o assembleístas poderán votar por un máximo de 75 persoas. (Colle aquí a proposta de que as candidatas / candidatos se presenten individualmente, listas unipersoais e resulte **unha única lista ordenada alfabeticamente**)
- b) Sistema de listas proporcionais puras e libres, sendo validas as listas que conteñan **un mínimo de dúas candidatas/candidatos e un máximo de 75 titulares e 75 suplentes."**

Por:

Texto de Substitución ao Artigo 10-2.:

"2. A Coordinadora Nacional será elixida, tendo en conta o principio organizativo 4 e artigo 11 dos Estatutos de Anova – Irmandade Nacionalista, que dispoñen que ... **a elección, que se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.**

A Asemblea Nacional na sesión do día 8 de xuño escollerá entre as dúas opcións estatutarias que se propoñen:

- a) Elección mediante listas abertas nas que o assembleístas poderán votar por un máximo de 75 persoas. (Colle aquí a proposta de que as candidatas / candidatos se presenten individualmente, listas unipersoais e resulte **unha única lista ordenada alfabeticamente**)
- b) Sistema de listas proporcionais puras e libres, sendo validas **as listas en cremalleira** que conteñan **un mínimo de un candidato e unha candidata e un máximo de 75 titulares e 75 suplentes."**

LISTAS ABERTAS

EMENDA 20 TRIS ACEITADA

SUBSTITUCIÓN

ARTIGO 10:

1. A 1ª Asemblea Nacional elixirá 75 membros
2. A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema de listas abertas, sendo esta unha única lista ordenada alfabeticamente e comezará pola letra que determine un sorteo antes da configuración da mesma. (de acordo co principio organizativo 4 e artigo 11 dos Estatutos de Anova – Irmandade Nacionalista, que dispoñen que ... a elección, que se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.)
3. A lista dos membros da coordinadora nacional resultante deberá cumprir co establecido estatutariamente respecto da proporción de xénero, mecanismo corrector que se aplicará a posteriori da votación.

EMENDA 21 REXEITADA

CAPÍTULO IV

LIÑA 140

SUBSTITUÍR completamente o Capítulo VI que quedaría:

Artigo 10

1. A 1ª Asemblea Nacional elixirá 75 membros

2. A Coordinadora Nacional será elixida mediante listas abertas de persoas, candidadas a título individual, que deben ser afiliados/as de pleno dereito e coas cotas ao día

Artigo 11

As candidaturas presentaranse ata o 1 de xuño ás 14,00h, no correo electrónico <anova@anova-galiza.org>, indicando nome completo e asemblea de base á que pertence o/a candidato/a

Artigo 12

1. A Organización de ANOVA comprobará que os candidatos/as cumpren as condicións exixidas neste Regulamento e remitirán a todos/as os/as afiliados/as, antes do día 4 de xuño, unha relación completa dos/as candidatos/as seguindo orde alfabética do primeiro apelido, e sinalando entre parénteses á asemblea de base á que pertencen.

2. Esta mesma orde e disposición seguirase para a confección das papeletas oficiais de votación

3. A votación será secreta e cada militante poderá votar un máximo de 75 candidatos/as

Artigo 13

Serán proclamados membros da Coordinadora Nacional as 75 persoas máis votadas, tendo en conta que só 45 poderán ser do mesmo sexo.

EMENDA 27 REXEITADA

ARTIGO 10.2

SUBSTITUCIÓN

LIÑAS 145-147:

“2. A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema de listas proporcionais puras e libres, sendo validas as listas que conteñan un mínimo de dúas candidatas/candidatos e un máximo de 75 titulares e 75 suplentes.”

por

“2. A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema de listas abertas, sendo esta unha única lista ordenada alfabeticamente e comezará pola letra que determine un sorteo antes da configuración da mesma.”

EMENDA 30 REXEITADA

ARTIGO 10.2 E 10.3

LIÑAS 145-152

SUBSTITUCIÓN polo seguinte:

“A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema dunha única lista aberta, confeccionada por orde alfabética das persoas candidatas que o soliciten de acordo co prazo sinalado no art. 12. Cada elector/a poderá votar a un máximo de 75 persoas de dita lista. Serán eleitas as persoas que acaden o maior número de votos, debéndose respectar o establecido estatutariamente respecto da proporción de xénero”.

EMENDA 31 REXEITADA

ARTIGO 10.2 E 10.3

LIÑAS 145-152

SUBSTITUCIÓN polo seguinte:

“A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema de listas abertas, sendo válidas as listas que conteñan un mínimo de unha persoa e sen máximo. Para a elección, confeccionarase unha única lista con todas as persoas candidatas e ordeada de maneira alfabética”

“Cada persoa poderá seleccionar da lista de candidatas e candidatos un número de persoas non superior ao número de membros da Coordinadora Nacional. Esta selección debe cumprir co establecido estatutariamente respecto da proporción de xénero”

LISTAS CONDICIONADAS

EMENDA 22 REXEITADA

CAPITULO VI.- DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

LIÑA 140

SUBSTITUCIÓN da totalidade do apartado por:

VI.- DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

Artigo 10

Este modo de elección da nova CN que a continuación presentamos é unha proposta de outras posíbeis que poden existir polo que dado a súa importancia será un punto a tratar específico e que deberá resolver o plenario da Asemblea Nacional no seu inicio ao tratar o punto deste Regulamento.

Artigo 11

A Asemblea Nacional elixirá unha Coordinadora Nacional integrada por 75 persoas.

Artigo 12

Calquera militante de pleno dereito pode presentarse para ser electa/o. As candidaturas serán individuais.

Artigo 13

Durante toda a xornada do sábado 8 de xuño até rematar o prazo haberá en lugar público e destacado a disposición de quen quixer un formulario para candidatar. Cada candidata recibirá un resguardo conforme se recibiu a súa candidatura. O prazo de presentación de candidatas e candidatos comezará co inicio da Asemblea Nacional o sábado 8 de xuño e rematará ás 18h. do mesmo sábado.

Artigo 14

Haberá unha única papeleta cunha única lista na que aparecerán por orde alfabética todas as persoas candidatas, con nome e apelidos e asemblea de zona á que pertence.

Artigo 15

A votación será secreta e en urna. Cada persoa poderá marcar até un máximo do 50% do total do número de persoas que integrarán a CN. Aquelas papeletas nas que aparezan máis de 50% do total do número de persoas que integrarán a CN marcadas serán declaradas nulas.

Artigo 16

A CN resultante estará composta polas persoas que obtivesen o maior número de votos sempre respectando o criterio de paridade 50-50.

EMENDA 23 REXEITADA

ARTIGO 10

Liñas: 145-150

SUBSTITUCIÓN da redacción do artigo 10.2 pola seguinte.

"10.2. A Coordinadora Nacional será elixida polo procedemento de lista aberta.

10.2.1. Haberá unha única papeleta cunha única lista na que aparecerán por orde alfabética todas as persoas candidatas, con nome e apelidos e asemblea de zona á que pertence, separadas en dúas columnas en función do xénero. Correspóndelle a Mesa a elaboración da papeleta.

10.2.2. A votación será secreta e en urna. Cada persoa poderá marcar até un máximo de 36 candidatas. Aquelas papeletas nas que aparezan máis de 36 votos serán declaradas nulas.

10.2.3. Serán proclamadas eleitas as 75 persoas máis votadas, respectando o criterio de paridade

EMENDA 29 REXEITADA

ARTIGO 10.2

SUSTITUCIÓN

LIÑAS: 145-150

Substituir a redacción do artigo 10.2 pola seguinte:

"10.2. A Coordinadora Nacional será elixida polo procedemento de lista aberta.

10.2.1. Haberá unha única papeleta cunha única lista na que aparecerán por orde alfabética todas as persoas candidatas, con nome e apelidos e asemblea de zona á que pertence, separadas en dúas columnas en función do xénero. Correspóndelle a Mesa a elaboración da papeleta.

10.2.2. A votación será secreta e en urna. Cada persoa poderá marcar até un máximo de 36 candidatas. Aquelas papeletas nas que aparezan máis de 36 votos serán declaradas nulas.

10.2.3. Serán proclamadas eleitas as 75 persoas máis votadas, respectando o criterio de paridade de xeito que ningún xénero supere as 38 persoas. As persoas non eleitas serán ordeadas en función do número de votos obtidos para eventuais substitucións no período interassemblear, que terán que respectar en todo caso a composición de xénero da CN eleita na asemblea.

EMENDA 34 REXEITADA

ARTIGO 11

cotas que se extenderá até os mesmos días da celebración da Asembleia. Quedarán excluídas de participar con voto na AN as persoas que non subsanen os erros ou non acrediten a regularización das cotas dentro do prazo fixado.

LIÑA 154

SUBSTITUCIÓN do Artigo 11 por:

Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal, ten dereito a presentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

De non existir asentimento, o sistema de elección levarase a cabo confeizoando unha lista de candidatos avalados pola militancia cos seguintes requisitos:

1. número de candidatos será como máximo do dobre de membros a elixir descartando os de menor número de avais.
2. Cada militante so pode avala a un candidato. Un militante pódese avala a si mesmo.
3. Cada militante só poderá presentar a súa candidatura a título individual.
4. Os candidatos serán ordeados na lista de maior a menor número de avais.
5. A lista garantirá a presenza de un mínimo do 40% de candidatos de cada un dos sexos, dando cumprimento de este xeito á lei de paridade. Este equilibrio acadarase substituindo os compoñentes con menor número de avais da lista do xénero representado , polos seguintes do outro sexo.

A elección farase de entre os membros desta lista, podendo votar cada un dos militantes por un máximo de ata tres candidatos.

Resultarán elixidos os que mais votos teñan ata cubrir a totalidade dos postos, coa salvedade de cumprir a obrigatoria paridade, equilibrando a composición seguindo o criterio antes descrito.

LISTAS TERRITORIAIS

EMENDA 20 BIS REXEITADA

ARTIGO 10

LIÑA 140

SUBSTITUCIÓN

A Coordinadora Nacional estará composta por representantes das asembleas de base en número proporcional á cantidade de afiliados de cada territorio, mínimo dous e máximo seis, mantendo sempre que for posible a proporcionalidade entre sexos. Esta representación non é de adscrición persoal permanente e pode variar segundo as decisións e necesidades das asembleas de base mais deberana garantir en todo caso.

As diferentes asembleas de base terán nomeados os seus representantes antes das 15:30 horas do día 9 , para que que poidan ter a reunión da CN para a designación da persoa Portavoz Nacional , tal que indica o artigo 6 deste mesmo regulamento.

EMENDA 32 REXEITADA

ARTIGO 10

LIÑA 150

ENGÁDEGA

O 50% dos membros da Coordinadora Nacional serán elixidos polas asembleas comarcais garantindo deste xeito a representatividade territorial da coordinadora.

LISTAS PROPORCIONAIS

O texto base do Regulamento

COMÚNS A TODAS AS LISTAS

EMENDA 28 REXEITADA

ARTIGO 10

LIÑAS: 145-150

SUBSTITUCIÓN

Substituir o artigo 10.2 polo seguinte texto:

2. A Coordinadora Nacional será elixida polo sistema resultante do debate da Tese Organizativa.

EMENDA 33 REXEITADA

ARTIGO 10.3

LIÑAS 151-152:

SUBSTITUCIÓN

"3. As listas deberán cumprir co establecido estatutariamente respecto da proporción de xénero."

Por

"A lista da Coordinadora Nacional será paritaria, establecendo un 50% de representación para cada sexo, mecanismo corrector que se aplicará a posteriori"

COMISIÓN ÉTICA E DE GARANTÍAS

EMENDA 24 ACEITADA

De engádega. Liña 140.

Engadir ao final da liña: ... e da Comisión Ética e de Garantías

EMENDA 26. ACEITADA

ARTIGO 10

LIÑA 153.

DE ENGÁDEGA.

Engadir un cuarto punto ao Artigo 10.

4. A Comisión Ética e de Garantías estará composta por 7 persoas titulares de 7 suplentes e a elección da rexerese polo mesmo procedemento que a Coordinadora Nacional.

EMENDA 39 REXEITADA. Aceitada outra homologa método Coordinadora VII*.- DA ELECCIÓN DA COMISIÓN ÉTICA E DE GARANTÍAS

LIÑA 176

ENGADEGA

Despois do aptdo. VI engadir un novo apartado:

Artigo 17

A Asemblea Nacional elixirá unha Comisión Ética e de Garantías integrada por 7 persoas e 7 suplentes que non poderán formar parte de ningún outro órgano da organización.

Artigo 18

Calquera militante de pleno dereito pode presentarse para ser electa/o. As candidaturas serán individuais.

Artigo 19

Durante toda a xornada do sábado 8 de xuño até rematar o prazo haberá en lugar público e destacado a disposición de quen quixer un formulario para candidatar. Cada candidata recibirá un resguardo conforme se recibiu a súa candidatura. O prazo de presentación de candidatas e candidatos comezará co inicio da Asemblea Nacional o sábado 8 de xuño e rematará ás 18h. do mesmo sábado.

Artigo 20

Haberá unha única papeleta cunha única lista na que aparecerán por orde alfabética todas as persoas candidatas, con apelidos, nome e asemblea de zona á que pertence.

Artigo 21

A votación será secreta e en urna. Cada persoa poderá marcar até un máximo do 50% do total do número de persoas que integrarán a Comisión Ética e de Garantías. Aquelas papeletas nas que aparezan máis de 50% do total do número de persoas que integrarán a Comisión Ética e de Garantías marcadas serán declaradas nulas.

Artigo 22

A Comisión Ética e de Garantías resultante estará composta polas persoas que obtivesen o maior número de votos sempre respectando o criterio de paridade 50-50.

Engádesse no punto 3: "... e ser elixido/a"

EMENDA 38 REXEITADA

ARTIGO 13

LIÑA 175,

ENGADIR:

"VI bis.- DA ELECCIÓN DA PERSOA PORTAVOZ NACIONAL"

Artigo 13 bis

A persoa que desempeñará a responsabilidade de ser o/a Portavoz Nacional de ANOVA elixirase mediante votación directa e secreta dos militantes asistentes á Asemblea Nacional, agás de existir unha única candidatura.

O prazo de presentación de candidaturas remata o día de apertura da asemblea (neste caso o 8 de xuño) ás 24,00h, mediante escrito persoal de aceptación do/da candidato/a entregado á Mesa da Asemblea Nacional.

EMENDA 44 REXEITADA

ARTIGO 16

LIÑA: 201

Engádega

Engadir despois de "fixarase o número de grupos a constituir"

o seguinte texto: "que en ningún caso superarán as 100 persoas cada un"

DEBATE DAS EMENDAS

SOBRE MAIORÍA DE 2/3

Será só en Pleno e para as cuestión estatutarias e de principios organizativos como está nos Estatutos vixentes

EMENDA 48 REXEITADA

ARTIGO 18

LIÑAS 216-220:

ELIMINACIÓN:

"Como norma xeral, as emenda que pasen a debate en asemblea en pleno precisarán de maioría simple, máis votos a favor que en contra, para serán aprobadas. Aquelas emendas que afecten a cuestión de estatutos e principios fundacionais, precisará dunha maioría cualificada de 2/3. Desde a mesa avisarase antes da votación se o que se somete está nese suposto."

EMENDA 48 BIS REXEITADA

ARTIGO 18

LIÑAS 216-220:

SUBSTITUCIÓN

Aquelas emendas que afecten a cuestión de principios fundamentais precisará dunha maioría cualificada de 2/3 .

EMENDA 49 ACEITADA

ARTIGO 18

LIÑA: 219

ENGÁDEGA despois de "dunha minoría cualificada de 2/3" o seguinte texto:

"en pleno, e de maioría simple, nos grupos de traballo aleatorios".

EMENDA 50 ACEITADA

ARTIGO 18

LIÑA: 219

ENGÁDEGA despois de "dunha maioría cualificada de 2/3" o seguinte texto:

"en pleno, e de maioría simple nos grupos de traballo aleatorios."

MECÁNICA DO DEBATE

EMENDA 41 REXEITADA

ARTIGO 15

LIÑAS: 185-191
SUPRESIÓN
Suprimir o artigo 15

EMENDA 42 REXEITADA

ARTIGO 15

LIÑA: 190
SUPRESION

"...designará unha persoa para defendela en cada grupo de traballo aleatorio e no plenario de ser o caso" para sustituílo por "en caso de non estar presente o/a emendante, poderá facelo calquera persoa que se faga cargo".

EMENDA 45 REXEITADA

ARTIGO 17

LIÑAS 206-212
SUBSTITUCIÓN por

Cada documento sometido a debate na AN será presentado polas persoa ou persoas que designe a Coordinadora Nacional, nunha intervención necesariamente breve e de carácter explicativo. Abrirase, posteriormente, unha quenda pechada de debate sobre a totalidade do documento.

A continuación realizarase o debate das emendas, comezando polas de totalidade. A orde de debate será a derivada da orde do día e a do propio documento a debater.

No caso de existiren varias emendas a unha mesma parte do texto, a súa aprobación farase por eliminación, é dicir, irase eliminando a proposta menos votada até quedar soamente unha. Ante a proposta última aplicarase o mesmo sistema de votación que para o resto das emendas.

Se a/o emendante non asistir á I AN a emenda decaerá salvo que outra persoa asistente queira asumir a súa defensa.

Rematado o proceso de debate das emendas procederase á votación do documento na súa totalidade.

As votacións faranse sempre pedindo votos a favor, en contra e abstencións..

EMENDA 46 REXEITADA.

ARTIGO 17

LIÑA: 207

ENGÁDEGA despois de "outra pola defensora da tese" o seguinte texto: "En caso de así o solicitar, a persoa emendante terá dereito a unha réplica, logo da cal se procederá á votación".

EMENDA 47 REXEITADA

ARTIGO 17

LIÑA 213
ENGÁDEGA

un novo Artigo entre o 17 e o 18:

Das emendas transaccionais.

Previo á celebración da IAN, a Coordinadora Nacional poderá propor emendas transaccionais cando o espírito ou a intención de varias emendas presentadas por unha ou varias persoas sexa coincidente, coa finalidade de axilizar o debate.

As propostas de transacción poderán ser aceptadas ou non por aquelas persoas que presentaron as emendas orixinais. No caso de ser aceptada, as emendas orixinais decaerán e votarase exclusivamente a emenda transaccional. En caso de non ser aceptada a emenda transaccional decaerá.

EMENDA 47 BIS REXEITADA

ARTIGO 17

LIÑA 213

En todos os debates de cada emenda haberá unha intervención da persoa emendante e outra pola defensora da tese . Calquera persoa presente, mediante comunicación á mesa, poderá propor transaccións ás dúas partes . No caso de ser aceptadas polas dúas partes someterase a votación ;no

caso que so unha das partisen debate a acepte substituirá o texto desa parte e procederase a que a militancia , en votación ,decida cal das dúas e a que se aproba

EMENDA 52

ARTIGO 17

LIÑA 207

ENGÁDEGA

"Dependendo da importancia e do número de emendas, a mesa decidirá a posibilidade de máis dunha intervención a favor da emenda e da persoa defensora da tese. Poderá asumir a defensa da emenda, outra persoa que non sexa a enmendante, e a última intervención non ter que ser necesariamente a da defensora da tese"

SOBRE AS ACTAS

EMENDA 51 TRANSACIÓN

ARTIGO 18

LIÑA 221

ENGÁDEGA

Rematado o proceso de debate das emendas, procederase á votación do documento na súa totalidade.

Por

Rematado o proceso de debate das emendas, procederase á votación na súa totalidade dos documentos de todas e cada unha das teses.